



CONCELLO DE MONTERROSO



Miguel Rico Gómez (1 para 1)
Alcalde de Monterroso
Data de Sinatura: 16/04/2019
HASH: d10082445379352d78a52e58343e725

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 PEÓN PARA A XESTIÓN DA BIOMASA , PERSOAL LABORAL TEMPORAL, ESTAS CONTRATACIÓN SUBVENCIONARANSE CON CARGO A AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2018 (APROL RURAL).

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, un ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en aplicación da orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2019.

Ocupación:

- **Peón para a xestión da biomasa (peóns forestais)**

Nº postos: 1

Servizo: servizos ao Concello.

Duración contratación: 9 meses.

A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso.

SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 14 da orde do 12 de decembro de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detallase seguidamente:

Ocupación: Peón (1) para a xestión da biomasa (peóns forestais)

Servizo: Acondicionamento e protección do espazo forestal

Xornada: Completa (100%)

Retribucións: 1050 € brutos/ mes. Incluída a prorrata da paga extra.

Ámbito: No termo municipal do Concello de Monterroso.

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos :

Requisitos xerais:

- a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.



Cod. Validación: A96QC7AZTR7DCE6EY2DYJHRD | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



CONCELLO DE MONTERROSO



2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

d) Posuír carné de conducir B (acreditarse mediante copia compulsada)

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da Orde do 12 de decembro de 2018, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. Non se requerirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web (www.monterroso.es).

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado para a súa presentación no Concello de Monterroso, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable).

QUINTA. Admisión de aspirantes

Despois da presentación de tódolos candidatos incluídos na lista remitida pola Oficina pública de emprego, a Alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de 2 días, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web (www.monterroso.es), indicarse un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.



Cod. Validación: A9QC7AZTR7DQEE8Y2DYJHRD | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



CONCELLO DE MONTERROSO



Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 1 día hábil, que se publicará no taboeiro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web, na que se sinalará a composición do tribunal, e a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

SEXTA. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído por:

- Presidente: Luciano García Taboada, traballador fixo do Concello de Monterroso.
- Secretaria: M^a del Pilar Darriba Muñoz, Secretaria-Interventora do Concello de Monterroso.
- Vogais:
 - 1.- Miguel Calvo Rodríguez, traballador fixo do Concello de Monterroso
 - 2.- Óscar Fernández Vila, traballador fixo do Concello de Monterroso
 - 3.- Jose Luis Mato Vázquez, funcionario do Concello de Monterroso.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 01 de outubro do Réxime Xurídico del Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida. Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 14 da orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, “Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras”.

MÉRITOS

1.-Experiencia:

— Por servizos prestados no mesmo posto de traballo ou similar na Administración Pública: 0,20 puntos/mes.



Cod. Validación: A96C7AZTR7DQEE6EY2DYJHRD | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestión pública | Páxina 3 a 6



CONCELLO DE MONTERROSO



___ Por servizos prestados no mesmo posto de traballo ou similar en empresas privadas: 0,10 puntos/mes.

A puntuación máxima neste apartado será de 4 puntos. A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo corresponda e o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30 para cada mes.

Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, certificado empresa ou certificación expedida polo funcionario competente do organismo correspondente que reflicte o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas, xunto co informe de vida laboral.

2.- Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos. Ata un máximo de dous (2) puntos

- con duración de ata 30 horas: 0,10 puntos cada un.
- con duración de 31 a 100 horas: 0,20 puntos cada un.
- con duración superior a 100 horas: 0,40 puntos cada un.

3. Inscripción como demandantes de emprego: Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 2,00 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

4.- Por responsabilidades familiares (entendendo por tal ter a cargo o cónxuxe, fillos e fillas menores de 26 anos, ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento) 0,50 puntos por cada carga cun máximo de 2 puntos.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos méritos anteriores (Do 1 ao 4).
- 2) Solicitante de maior idade.

OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.monterroso.es; os aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.



Cod. Validación: A96QC7AZT7DQEE6Y2DYJHRD | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



CONCELLO DE MONTERROSO



Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

Monterroso, na data da sinatura á marxe

O alcalde

Miguel Rico Gómez



Cod. Validación: A96QC7AZ7R7DQEE8EY2DYJHRD | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



CONCELLO DE MONTERROSO



ANEXO I (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D. _____, con DNI núm. _____, e domicilio
para efectos de notificación en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO:

1) Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

d) Posuír carne de conducir B

SEGUNDO. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rixen o proceso de selección de 2 peóns de xestión da biomasa (peón forestal).

TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría 2 peóns de xestión da biomasa (peón forestal).

_____, _____ de _____ de 20__

O solicitante,

Asdo.: _____



Cod. Validación: A96QC7AZTR7DQEE6EY2DYJHRD | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 6 a 6